Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 25 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 25 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 226

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## PONTEDEUME

*Anuncio de expediente de expropiación forzosa para a realización do proxecto de obra denominado "mellora da capa de rodaxe da pista A Graña"*

**ANUNCIO**

Por Acordo do Pleno de data 24.09.2026 aprobouse inicialmente a relación de bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa para a realización das obras *Proxecto de Obra denominado "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA A GRAÑA",* así como a designación nominal dos interesados cos que deben entenderse os sucesivos trámites, quedando declarada a necesidade de ocupación dos mesmos, o que se publica aos efectos do artigo 21 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954; cuxo contido se transcribe no seu literal:

*"PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Proxecto de obra "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA A GRAÑA ", documento con rexistro de entrada nº 202599900001649 de 22/09/2025, asinado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, C e P (Col 22.992), cun importe de 194.579,12 € (160.809,19 € + 33.769,93 € de IVE), e o "ANEXO DE EXPROPIACIÓNS PROXECTO DO MELLORA DE ACCESO DE ESTEIRO A GRAÑA", que conten a relación concreta, individualizada e valorada de bens e dereitos a expropiar para a execución da indicada obra incluída no POS+ ADICIONAL 2/2025, documento con rexistro de entrada nº 202599900001341 de 30.07.2025, cunha valoración para os bens e dereitos afectados por importe de 4.834,00 € , considerando implícita a declaración de utilidade pública das obras contempladas no referido proxecto, aos efectos da súa expropiación, de conformidade co artigo 10 da Lei de expropiación forzosa, e co artigo 94 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*Anexo*

*Relación de bens e dereitos afectados*

| RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FINCA | REFERENCIA CATASTRAL | TITULAR | D.N.I | SUPERFICIE TOTAL (m2 | SUPERFICIE AFECTADA (m2 | CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA | SITUACIÓN BÁSICA | OUTROS BENS AFECTADOS | |
| 1 | 001901600NJ60F0000DB | ORGEIRA GONZALEZ, DAVID | **71**28* | 7088 | 10,00 | NUCLEO RURAL (N1)- SISTEMA VIARIO | URBANIZADO | 10 | m2 muro ladrillo revestido |
| 2 | 15070A007000340001EO | GARCIA FONTE, JOSEFA MARÍA | 3**6*2*7 | 70,00 | 26,00 | NUCLEO RURAL (N1)- SISTEMA VIARIO | URBANIZADO | 1 | ud. Palmera adulta |
| | | | | | | | | 1 | ud. Arbusto de xardín |
| 3 | 1507A007007760001EI | FONTE TORRES, JOSE RAMON (50%) FONTE TORRES, ROSARIO ISABEL (50%) | 32****47 32****90 | 46,00 | 28,00 | NUCLEO RURAL (N1)- SISTEMA VIARIO | URBANIZADO | 1 | Uu. Edificación (46 m2)- Estado ruinoso |

*SEGUNDO. - Declarar a necesidade de ocupación dos bens incluídos no referido anexo e iniciar o expediente de expropiación para a adquisición dos terreos necesarios para a execución da obra incluída no proxecto "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA A GRAÑA".*

*TERCEIRO.-Someter a relación de bens e dereitos afectados do Proxecto da obra "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA A GRAÑA ", contida no "ANEXO DE EXPROPIACIÓNS PROXECTO DO MELLORA DE ACCESO DE ESTEIRO A GRAÑA", documento con rexistro de entrada nº 202599900001341 de 30.07.2025, a información pública durante un período de 15 días hábiles, mediante a publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontedeume, con notificación persoal aos interesados, para que os titulares de bens e dereitos afectados pola expropiación poidan achegar por escrito cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen na relación publicada, ou oporse á publicación ou disposición dos bens e dereitos por motivos de forma ou fondo, fundamentaran motivadamente.*

Número de anuncio 2026/7690

***CUARTO.*** *- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente"*

O expediente estará a disposición das persoas interesadas na Secretaría Municipal.

O que se publica aos efectos oportunos e en cumprimento do contido do acordo.

En Pontedeume, a 18 de novembro de 2026

O alcalde-presidente

Bernardo Fernández Piñeiro.

2026/7690